

MEMORIA PROXECTO IG240 – CONTIDO MÍNIMO

Este documento é unha guía orientativa do contido mínimo que ten que ter a memoria da solicitude da axuda á dixitalización.

Podedes estendervos a outros aspectos non mencionados aquí e que vos parezan relevantes para a mellor comprensión do proxecto, pero sen excedervos. Valorarase a claridade, precisión e concisión da descrición.

1.- BREVE PRESENTACIÓN DA EMPRESA

Queremos coñecer a túa empresa, cóntanos algo dela: como xurdiu, socios, traxectoria, actividade, proceso produtivo, produtos, mercados, etc. Brevemente, é só para poñernos en contexto.

Sector: onde desenvolas a túa actividade. Se es unha enxeñería, ou te dedicas ao mecanizado de pezas, e traballas para as empresas de automoción, por exemplo, ese é o sector no que tes que encadrar a túa actividade. Explica os teus motivos para encadrarte no sector que indicas.

2.- OBXECTO

Que queres facer na túa empresa? (definición do obxecto do proxecto, proceso que se dixitaliza ou interconecta, identificación da súa posición dentro doutros procesos ou da actividade da empresa)

Se é un proxecto colectivo, describir o mesmo pero respecto das empresas participantes: quen son, a que se dedican e que relacións existen entre elas (posición na cadea de valor sectorial), como se xestou a idea de interconectarse, se xurdiu dun obradoiro ou foi espontánea, como vai a operar a interconexión, ata que nivel de comunicación automatizada vanse interconectar os procesos entre empresas (intensidade no nivel de interacción)

Como o estás facendo agora? (modelo actual de xestión)

Por que queres facer iso? Algo non funciona ben ou queres que funcione mellor? (melloras cuantitativas e cualitativas esperadas)

3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

Como e por que escolleches a solución que queres implantar? É unha solución comercializada que van adaptar e parametrizar para a túa empresa ou é un desenvolvemento feito a medida? Quen vai ser o provedor (ou os provedores, se tes máis de un)? Por que o elixiches? Que experiencia ten coa solución e co teu negocio?

4.- DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Como o vas facer?

- Cronograma do desenvolvemento e fases da implantación
- Explicación do gasto. Correspondencia entre os desagregamento de custos do proxecto e as accións a desenvolver (non se considerarán subvencionables os gastos

cuxa necesidade non estea xustificada aínda que estean incluídos no cuestionario de solicitude)

- Cales son os principais compoñentes do sistema? Como interactúan entre eles?
- Cómo se vai adaptar a organización ao uso? Hai unha previsión de xestión do cambio?

5.- FINANCIAMENTO

No caso de que che concedamos a axuda, o seu importe será do 30% ou do 50% dependendo do tipo de gasto e pagarémoscha despois de que pagues todo o proxecto e o xustifiques correctamente. Tamén podes pedir inicialmente un anticipo de ata o 50% da axuda, co límite da anualidade orzamentaria prevista.

Como vas financiar a execución e a parte non subvencionada? Con que diñeiro contas? Vaicho emprestar un banco? Vas facer unha ampliación de capital?

6.- RESUMO DE APLICACIÓN DE CRITERIOS

Para cada un dos criterios de avaliación que aparecen nas bases reguladoras, que elementos deberíamos ter en conta para puntuar o teu proxecto? (non se trata de asignarse unha puntuación, senón de indicar brevemente os méritos do proxecto relacionados con cada criterio)